

ESO / GUÍA PARA O ALUMNADO



CASA DE ROSALÍA

Descubrimos a
Rosalía na súa casa

A ROSALÍA DOS OPRIMIDOS

Presentación

Esta unidade ten como obxectivo achegarte a Rosalía de Castro, tanto á súa vida como á súa obra, a través da visita á Casa de Rosalía.

Este material que tes nas mans é un documento de traballo que complementa a presentación *Rosalía de Castro. A Rosalía dos oprimidos*.

Convidámoste a que na compañía da túa profesora ou profesor comeces esta experiencia con Rosalía.

O que xa sei e o que imaxino

Antes de principiar terás que utilizar algo a memoria e moito a intuición e a imaxinación para completares os seguintes cadros.

O que xa sei

O que imaxino

Presentación [CONTINÚA]

Na portada (diapositiva 1) poderás ver a presentación das partes que a compoñen:

- A vida de Rosalía
- A visita á Casa de Rosalía
- Para quen é a súa obra
- O mito Rosalía

Se o desexas, podes acceder directamente a cada unha destas partes, mais a nosa recomendación é que sigas en orde a visualización das diferentes diapositivas.

A vida dunha muller singular

A través de 9 momentos resumimos o esencial da súa traxectoria biográfica:

- O nacemento
- A infancia
- A mocidade
- O matrimonio
- As viaxes
- Os fillos
- As ausencias
- A morte
- O recoñecemento popular

A Casa de Rosalía de Castro

Para que poidas prepararte para o que vas atopar na Casa de Rosalía ofrecémosche un breve percorrido textual polas diferentes salas.


Oito Moradas de Rosalía de Castro

Aquí tes o primeiro xogo da unidade, trátase de que atopas oito lugares nos que viviu Rosalía en diferentes etapas da súa vida.

Unha obra, para quen?

Ao afrontarmos o estudo da obra, o primeiro que imos ver é para quen escribiu Rosalía.

Agora tócache pensar. Despois de leres a diapositiva 12, anota no cadro para quen cres que escribiría Rosalía se vivise na nosa época.



A obra rosaliana

Observa con atención a liña do tempo da obra rosaliana que tes na diapositiva 13 fixándote ben nas iconas e logo contesta as preguntas.

Cantas obras publicou Rosalía en verso en galego?

E en castelán?

Cantas obras publicou de narrativa?

E de poesía?

Tradicionalmente non se valorou a prosa de Rosalía, uns textos aos que cada vez a crítica literaria especializada lles presta maior atención.

Agardabas esta proporción entre narrativa e poesía na obra rosaliana?

Por que?

Cantares gallegos (1863)

As cinco diapositivas seguintes están dedicadas a *Cantares gallegos* (1863). Nelas poderás aprender a súa significación e verás diferentes adaptacións en vídeo dalgunhas das composicións poéticas que contén a obra.

Follas Novas (1880)

Agora veremos *Follas Novas* (1880), a súa obra máis célebre. Coñecerás as principais características e poderás ver en vídeo unha versión da súa composición “A xustiza pola man”, hoxe convertida nun himno feminista.

Se premes nas ligazóns que tes baixo o texto levarante a diferentes versións deste poema en estilos musicais diversos.

Os escritos feministas

As dúas diapositivas seguintes están dedicadas a aqueles textos onde Rosalía amosou a súa teoría feminista dunha maneira máis explícita.

Na segunda delas tes a que, sen dúbida, é a cita máis célebre de Rosalía de Castro.

“Eu son libre. Nada pode protexer a marcha dos meus pensamentos, e eles son a lei que rexe o meu destino.”

Lieders (1858)

Rosalía total


Nesta diapositiva queremos que te achegues ás tres dimensións da obra de Rosalía para entenderes como ela ollaba para o mundo que a rodeaba.

Rosalía no século XXI


Nesta sección ímonos deter máis para analizar exemplos culturais galegos nos que está presente a pegada de Rosalía de Castro.

Visualiza varias veces o vídeo do tema “Somos legiom” do Rabelo e indica que elementos relacionarías coa obra de Rosalía.

Se podes, sinala tamén o título da obra e/ou do poema.



Agora queremos que mires o vídeo do tema “Seghadoras” de Tanxugueiras e localices nel todas as referencias que atopas a Rosalía e á súa obra.




Rosalía no século XXI [CONTINÚA]

Deseguido imos ver a dupla versionalización do CPI As Mirandas de Ares. Reflexiona sobre a cuestión e indícanos se estás a favor ou en contra de que se versionen as figuras clásicas da literatura. Despois explícallo ás túas compañeiras e compañeiros.



E finalizaremos esta sección da unidade coa Rosalía tiktokeira do IES Campo de San Alberto de Noia.

Consideras que este tipo de accións na rede serven para dinamizar e dar a coñecer a obra das figuras clásicas ou, pola contra, banalizan a súa mensaxe? Xustifica a túa resposta.




Rosalía no século XXI [CONTINÚA]

Agora é cando vos toca a vós lanzaros á creación ou recreación segundo vos indique a profesora ou profesor da materia.


Faite *booktuber* ou *tiktokeiro* segundo as túas preferencias de maneira que lle deas unha nova vida a algún poema de Rosalía.

Neste cadro podes ir anotando as ideas que che vaian xurdindo e os pasos de realización que vas precisar.



A Rosalía mito

As nove diapositivas seguintes están dedicadas á repercusión e aceptación social da figura de Rosalía de Castro e da súa mensaxe. Na túa opinión, cales serían os motivos para que Rosalía teña chegado a se converter nun mito?



A estrela de Rosalía

Achegámonos a esta iniciativa cultural no eido científico. No vídeo divulgativo poderás atopar unha interesante explicación de todo o proceso.

E ti canto sabes de Rosalía?

Este é o segundo xogo da unidade, está destinado a comprobar que datos concretos lembras sobre Rosalía.

Acerta con Rosalía?

Este é o terceiro e último xogo da unidade. Aquí tes que adiviñar cando o que se di sobre Rosalía é certo ou falso.

Agardamos que a unidade e a visita á Casa de Rosalía fosen do teu interese.



CASA DE ROSALÍA

Esta guía didáctica
foi elaborada por
Pilar Ponte (A Profa)

rosalia.gal

A Matanza, s/n
Padrón

**FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO**

APOIA:



**Deputación
DA CORUÑA**